AUTORIZACIÓN PARENTAL PARA ALUMNADO:
VIR OU MARCHAR SÓ DA ESCOLA

DECLARACIÓN RESPONSABLE

INSTRUCIÓNS PARA PREENCHER O IMPRESO

Estimado Sr./ Estimada Sra.:

Lea moi atentamente estas instrucións e preste o debido coidado para preencher o impreso

A.- INSTRUCIÓNS XERAIS:

- Só se cumprimentará esta declaración no caso de que a Autorización a que se achega non poida ser asinada por ambas as persoas proxenitoras ou titoras legais, por algunha das causas que se sinalan no mesmo, ou por outras que deberán especificarse no apartado correspondente.
- O impreso debe cumprimentarse utilizando bolígrafo azul ou negro, con letra clara e lexíbel, preferentemente maiúsculas, **ou ben, efectuar o seu enchido en soporte informático no modelo que se xunta e asinalo posteriormente**.
- Os datos referidos ao alumno ou alumna así como os do pai, a nai ou persoa titora legal que presenta a declaración (Nome e apelidos, DNI/NIE ou Nº de Pasaporte tamén no caso destas últimas), deberán cumprimentarse obrigatoriamente.

B.- INSTRUCIÓNS PARTICULARES:

En caso de requirimento por parte deste Colexio ou da propia Inspección Educativa, será necesario xustificar os motivos alegados nesta declaración responsábel presentando, segundo corresponda, a seguinte documentación:

(1) **Familia monoparental**: copia compulsada do Libro de Familia cos datos do alumnado e da persoa proxenitora.
(2) **Falecemento**: copia compulsada do Libro de Familia cos datos do alumnado e das persoas proxenitoras, así como da correspondente inscrición no mesmo do falecemento.
(3) **Privación da patria potestade**: Copia da Resolución xudicial pola que se priva á persoa titora da patria potestade. Non se debe confundir con garda e custodia.
(4) **Orde ou sentenza de afastamento ou outras medidas cautelares**: Copia da Orde ou sentenza.
(5) **Consentimento da outra persoa proxenitora**: Escrito de consentimento e fotocopia do DNI da persoa proxenitora que consente.
(6) **Outras circunstancias**: Documentación acreditativa das mesmas.

IMPORTANTE:
Infórmase á persoa proxenitora ou titora ou representante legal asinante do impreso que a falsidade nos datos achegados ou ocultamento de información pode ser motivo de desestimación da autorización, por incumprimento dos requisitos esixíbeis para a súa tramitación (Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común), con independencia doutras medidas que puidesen tomarse pola vulneración de dereitos da persoa proxenitora cuxa sinatura non aparece consignada (comunicación aos Tribunais de Xustiza). En caso de falsidade, ocultamento de datos, ou por reclamación da persoa proxenitora non asinante, a efectivización do especificado no Impreso de referencia ao que se achega a Declaración responsábel poderá ser modificada por instancia dos Tribunais de Xustiza ou outros órganos competentes da propia Administración.